

#### 4.-A Alemania de Weimar

En novembro de 1918 estala unha Revolución no **porto de Kiel** que se estende rapidamente polo Norte de Alemania. O día 9 o **Kaiser abdica** no príncipe **Max de Baden** que tamén deixará o seu cargo de chanceler en mans do Socialdemócrata **Friedrich Ebert**, que proclama a **República de Weimar**.

A idea de Ebert e do seu grupo de **socialistas moderados**, será crear un goberno republicano legalmente constituído, pero os grupos de **extrema esquerda**, os **espartaquistas**, liderados por **Karl Liebknecht** e **Rosa Luxemburg**, queren conformar unha auténtica dictadura do proletariado como paso previo a unha sociedade Comunista creando en Múnic a **República dos Consellos** ou "Raeterepublik" influenciada polas ideas do Comunista húngaro **Bela Kun**

**Ebert** formará **grupos francos** ou "Freikorps" con algúns soldados do exército que volvían da guerra para derrotar os Espartaquistas.

Cos Espartaquistas derrotados e coas potencias aliadas debatindo as cláusulas do Tratado de Paz, Ebert convoca **eleccións** para xaneiro de 1919.

Estas primeiras eleccións democráticas serán gañadas polos grupos de **Centro** (Zentrum), **Socialistas** (SPD) e **Demócratas** (DDP) que conseguen o 76% dos votos e gobernarán en un goberno de coalición coñecido como **Coalición de Weimar**.

**Friedrich Ebert** será nomeado **Presidente** da República e **Scheidemann** será o primeiro **Chanceler**.

Quedaran fora do goberno os socialistas independentes, os **Comunistas** (KPD) e os **Populistas** (DNVP)

O primeiro goberno Republicano tivo que sufrir as Consecuencias da Guerra e dos Tratados de Paz, polo que o país moi pronto se paralizou polo peso **das reparacións de guerra** que provocaron paro, fame e unha **hiperinflación galopante** (1\$ = 4200 millóns de Marcos, en 1923).

Así as crises foron frecuentes, promovidas polos grupos que se quedaron fora do poder e polo exército que gozaba dun gran prestixio e ó que o pobo nunca considerou vencido na guerra.

En 1924 o goberno introduciu unha nova moeda, o **Rentenmarck**, ou Marco Renta, respaldado polos bens agrarios e industriais de Alemania e a situación foise normalizando ata que se puido sacar unha moeda normal o **Reichmarck**, equivalente a ¼ de dólar.

A Industria recuperou os índices de produción de 1913 e o Plan Dawes suavizou as reparacións de Guerra.